

## ARTILLERIA DE BRONCE NO MUSEO DE PONTEVEDRA

No momento de escribir estas liñas, o Museo ten expostas ó público tres pezas de artillería de bronce e depositada unha cuarta no Castelo de Soutomaior, que pertence tamén á Deputación. Unha delas, exhibida na Sala Méndez Núñez, é asiática, quedando fóra deste escrito por falla de coñecementos por parte do autor. As que son obxecto deste estudo son as que teñen os números de rexistro 84 e 85, ás que se engade a do Castelo.

A primeira peza que ve o visitante é a situada no patio interior.



Chama a atención unha inscrición que ten na súa culata "1-3-0". Isto podería ser o seu peso, en unidades portuguesas: 1 quintal, 3 arrobas e 0 arrateis (ou libras ibéricas), é dicir, 102'82 kg (non puiden pesar as pezas).



Despois, xa case na boca, vense uns escudos, que foron limados, probablemente para ocultar a súa orixe. A pesar do dano, é posible aprecialos con certa nitidez. O que está situado máis preto da boca é o escudo real de Portugal, mentres que o outro resulta ser unha esfera armilar. Se analizamos esta en profundidade, poderemos apreciar unha eclíptica que vai en diagonal ascendente de dereita a esquerda (desde a posición do tirador). Ambas iconas estannos indicando que se trata dunha peza portuguesa, concretamente do reinado de Manuel I (reinou entre 1495 e 1521), pois a dita esfera é a súa insignia.



Por todo o visto anteriormente, podemos clasificala como un “Berço Manuelino”, ou Verso Manuelino, en castelán. Tanto pola súa forma como polas súas dimensións (157 cm de longo e algo máis de 5 cm de diámetro da ánima) é idéntico a un Verso Manuelino que se atopa no Museu de Marinha de Lisboa (Portugal) coa referencia AR-V-66. No Museo Naval de Madrid móstrase outro verso do mesmo reinado (peza Nº 6.361), pero cunhas formas básicas e bastas, o que parece indicar que a peza do Museo de Pontevedra, ó igual que a de Lisboa, sufriu unha certa evolución. Por iso, non resulta desatinado situala a finais do reinado de Manuel I.

Xa no interior do edificio García Flórez, na Sala de Navegantes, poderemos admirar a segunda peza.





Se nos fixamos na parte superior da mesma, vese un escudo, entre os *muñóns*, que foi claramente cicelado, quizás para evitar que se soubese a súa procedencia. Malia todo, resulta obvio que se trata do escudo real de Portugal.



Esta peza parece algo máis pesada ca anterior, anque mantén as mesmas medidas. A posición do escudo parece indicar que é do reinado de Sebastião I (reinou entre 1557 e 1578), pois foi el quen mandou estampar os escudos entre os *muñóns*. É igual á peza AR-V-50 do Museo de Marinha de Lisboa, onde a catalogan como un falconete.

A peza depositada en Soutomaior parece ser outro Verso Manuelino, como a do patio interior do Museo de Pontevedra, anque os seus escudos están moi deteriorados e quizás unha análise en profundidade indique outras conclusións. Mide 157 cm de longo e algo máis de 5 cm de calibre de ánima. Ten unha inscrición na culata "1-2-10", tal vez o seu peso, 92'72 kg, aínda que non puiden comprobalo, xa que non pesei a peza.



Tanto os versos como o falconete son pezas de artillería naval. Cravábanse na borda do barco e apuntábase coa rabeira de ferro que se prolonga desde a culata. Usábanse a moi curta distancia, nos momentos previos á abordaxe, e disparaban bolaños de pedra calcaria. Esta munición utilizábase para danar a tripulación, pero non o barco. Os bolaños de pedra non tiñan a suficiente consistencia para producir danos estruturais, pero si persoais. Ademais, ó golpear contra algo duro (mastros, canóns, vigas, cuadernas...), o bolaño rebentaba, provocando unha choiva de metralla.

Estas pezas eran de retrocarga, é dicir, cargábanse por detrás. Usábase o servidor (ou recámara) para almacenar a pólvora e o proxectil. O dito servidor, que era algo así como unha xerra de cervexa cunha asa, colocábase na parte traseira da peza, axustábase cunhas cuñas de madeira e dábaselle fogo a un buxeiro chamado “oído”. Esta era a forma de disparar. Ó haber varios servidores por peza, podíanse ir cargando uns mentres se usaban os outros. Parece ser que así se conseguía unha maior cadencia de fogo e unha certa protección para los artilleiros, xa que podían poñerse a cuberto mentres recargaban o servidor.

As tres pezas proceden do Castelo de Soutomaior e especulouse moito con que podían formar parte do seu armamento. Para comprobar esta teoría percorrín toda a muralla do castelo, en busca dalgún buraco nas pedras para poñer alí a artillería, sen encontrar nin un só lugar onde poder emprazalas. Ademais, tendo en conta a altura das murallas, habería que apuntar cunha gran inclinación cara abaixo. De facerse así, o retroceso e a estreiteza da muralla provocarían que a peza e os artilleiros caesen cara atrás, de costas, desde unha altura considerable. Ignórase como chegou esta artillería a Soutomaior, pero parece máis razoable achacalo a un lugar de depósito que a unha defensa do castelo. O feito de que se intentasen eliminar os escudos parece indicar unha obtención “ilegal” das mesmas daquela.

A modo de resumo, pódese asegurar que, no momento de publicar este escrito, o Museo de Pontevedra e o Castelo de Soutomaior son os que expoñen a artillería máis antiga de toda Galicia. Pezas navais que nos falan da época dos descubrimentos, as exploracións portuguesas, o comercio con Asia, as guerras polo monopolio e a protección dos fabulosos cargamentos que portaban os barcos portugueses. Son unhas pezas cun gran potencial, tanto turístico como cultural, auténticas xoias do pasado que nos ensinan que a artillería era, ó mesmo tempo, unha arma e unha obra de enxeñería.

**Yago Abilleira Crespo**

#### BIBLIOGRAFÍA:

*Memorial das Pezas de Artilharia no Museo de Marinha*, N. Valdez dos Santos. Lisboa, 2004  
*Catálogo-Guía del Museo Naval de Madrid*, José Ignacio González-Aller, 2006